



Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Onomástica, 2007, 840 páxinas

Felizmente temos nas nosas mans as *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega*, en que se materializan as comunicacións presentadas neste I Congreso da Asociación Galega de Onomástica (AGOn), celebrado do día 2 ao 4 de setembro de 2002 en Santiago de Compostela. Como podemos apreciar, a demora na publicación é, sen dúbida, un dos grandes *handicaps* das publicacións derivadas de congresos, nomeadamente internacionais, que por outra parte ten unha explicación propia, pois a organización dun congreso destas características require o esforzo e a dedicación total dun comité organizador que ten que xestionar múltiples aspectos. Por este motivo, temos que agradecer á AGOn, xa desde estas liñas iniciais, tanto a súa fundación (no ano 1999) como a creación e organización dun foro en que se poida investigar, debater e criticar un dos campos básicos de estudo da nosa lingua, como é a onomástica (< gr. ονομαστικός), tanto por parte dos investigadores consagrados como dos novos. Coa nacemento deste inicial –e agardemos que iniciático– congreso veuse cubrir un importante oco no panorama investigador galego, que por fortuna tivo o seu froito continuador en outubro (do 19 ao 21) de 2006 cun II Congreso Internacional (realizado desta volta en Pontevedra), do que polo momento tampouco saíron as *Actas*. Así as cousas, o Congreso veu culminar un proceso de incremento do estudo da onomástica galega que tivo o seu rexurdimento na época actual por volta dos anos 90 do século pasado, douscentos anos despois dos traballos de onomástica galega feitos polo Padre Sarmiento, a quen precisamente foi dedicado.

Esta publicación constitúe o primeiro volume da Biblioteca Galega de Onomástica, ao cal seguiu decontado o volume 2, titulado *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias*, do profesor Xosé María Lema, de quen tamén temos un extracto dese traballo nesta publicación. Estas *Actas*, polos motivos expostos anteriormente, e a pesar de chegaren cuns anos de retraso, supoñen unha publicación agardada por moitos investigadores, e interesados na materia en xeral, en que se dan a coñecer os 56 artigos que se presentaron e nos cales podemos ver o interese espertado pola onomástica en Galiza. Ademais, para alén desta finalidade, hai outra fundamental, como é o fornecemento de estudos que actualicen, completen e acrecenten o esqueleto que vertebra a onomástica, como a etimoloxía, os medios de formación e creación, a expresividade dos nomes propios etc.

O Congreso inicialmente estruturouse, tal e como informan os editores desta obra no “Limiar”, en cinco grandes seccións temáticas que se inclúen baixo o paraugas da Onomástica: I Toponimia; II Antroponimia; III Os outros nomes; IV Onomástica literaria; V Padre Sarmiento, onomástico. Porén, a organización do libro modifica e amplía estas epígrafes noutra orde, que será a que sigamos para realizarmos unha caracterización dos aspectos máis relevantes de cada un dos bloques ou campos temáticos.

Iníciase os artigos coa “Conferencia Inaugural” de Ramón Lorenzo sobre “Sarmiento e a onomástica” (páxs. 11-45); nela realiza un marco que podemos denominar simbiótico, porque establece a relación entre o erudito e o tema do congreso. O autor aborda as diversas facetas do padre Sarmiento e realiza un estudo exhaustivo da compilación onomástica de voces que elaborou e das diversas etimoloxías por el propostas.

A primeira das seccións, “Sarmiento e a onomástica” (páxs. 47-96), está formada por tres artigos que se basean na figura do padre Sarmiento desde diferentes prismas. Rosario Álvarez testemuña nun interesante artigo a mudanza lingüística evolutiva das terminacións ou secuencias vocálicas dalgúns topónimos galegos actuais, con base no *Nomenclátor*, a partir das informacións onomásticas do frade bieito. Noutro artigo, Xosé Manuel Dasilva recompila as diversas exposicións en que Sarmiento xustifica a ascendencia galega do “poeta lusíada” Camões. E conclúe este apartado co traballo de Gonzalo Navaza sobre a vertente toponímica novamente de Sarmiento; céntrase en concreto no estudo do topónimo A Mezquita, a se apoiar nos traballos do homenaxeado.

No apartado “Antroponimia” (páxs. 97-374) encontramos numerosos artigos que se aproximan a este campo desde diferentes ópticas, temáticas etc. que tentaremos agrupar, sempre que for posíbel. Por unha banda, achámonos cunha serie de artigos que centra as súas pesquisas nos nomes de pía. En relación coa sincronía actual, temos o artigo de Ana Isabel Boullón Agrelo, que nos ofrece un interesantísimo e actual estudo sobre as escollas dos nomes no último cuarto do século XX. A autora explica as mudanzas nos hábitos onomásticos que son consecuencia dos cambios sociolóxicos e lexislativos e, a partir de aí, explícase a entrada de nomes procedentes doutras linguas, o rexurdimento dos nomes galegos e a rapidez destas mudanzas. Os resultados deste traballo fornecen datos como o das diferenzas xenéricas, en que os nomes dos nenos son máis conservadores, máis españois e menos estranxeiros; ou que o grupo lingüístico preferido é o dos nomes comúns ao galego e español, seguido polo español, logo polo galego e, finalmente, por outras linguas. No ámbito portugués, Ivo Castro nun artigo con título sumamente suxectivo, “A Descensão de Maria”, testemuña tamén a mudanza na preferencia de nomes a partir da década dos 70 como consecuencia das transformacións sociais (é o caso, por exemplo, dos haxiográficos María e Xosé).

O estudo dos sobrenomes realízase, igualmente, desde diferentes perspectivas. Da época medieval encontramos os traballos de Paula Bouzas, Déborah González e Raquel Rodríguez, que coinciden na observación do proceso secular de conversión de topónimos e alcumes en elementos fixos na cadea onomástica. Bouzas realiza unha aproximación ao estudo dos sobrenomes medievais (toponímicos e alcumes) a partir da análise dunha serie de documentos de Betanzos, datados entre os séculos XII e XVI. Na súa investigación os alcumes máis frecuentes son os que fan referencia á situación social e á profesión, en canto que para Déborah González as alcuñas máis frecuentes dos textos notariais composteláns, entre os séculos XIII-XIV, tratarían sobre calidades físicas e morais. Esta autora basea o seu corpus nas *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*, corpus de que tamén se serve Raquel Rodríguez Parada, quen realiza un rigoroso estudo do outro tipo de sobrenomes, os toponímicos.

Pola súa banda, o vector actual nos alcumes é tratado por Ana Belén Escourido, M.^a Rosario Soto, Pilar Zapico e Ana Rodríguez/Xosé Manuel Moo. Escourido presenta os núcleos temáticos sobre os que xiran e indica as características formais dos sobrenomes na parroquia de Miñotos (Ouro, Lugo). Soto, pola súa banda, fai a análise dun corpus de 1000 nomes, aproximadamente, das localidades de Corme, Pontedeume, Celanova e Lalín; a investigadora indica o continuísmo desde a Idade Media polo escarnio nos alcumes, degraa os valores, a porcentaxe de castelanismos (11%), a creatividade desta fermosa mostra de inventiva popular etc. Pilar Zapico estuda os alcumes e os nomes de casa dunha parroquia hoxe desaparecida como é As Encrobas (Cerceda). Para elaborar este traballo de campo, parte de dous informantes de 86 anos que viven noutra concello e que lle proporcionan datos moi valiosos para poder levar a cabo unha división do tipo de alcuñas (nas Encrobas hai referencia só a nomes de persoa, de casa e de familia) e unha caracterización lingüística dos 115 alcumes, “unha caricatura verbal que moitas veces se herda” en palabras de Zapico. Finalmente Rodríguez/Moo tentan aproximarse ao estudo formal (semántico e morfo-sintáctico) dos alcumes en Leirado (Pontevedra) e Vilaverde (Ourense).

Outros dous artigos disertan sobre os nomes de casa, un tipo de onomástica que mostra máis unha vez a expresividade e creatividade do pobo galego, e tamén a funcionalidade como auténticos billetes de identidade. Fátima Rodríguez presenta o artigo sobre os nomes das casas, ou ecónimos, na Amil (Moraña), onde destaca a riqueza onomástica nesta parroquia, xa que algunhas posúen dous ou máis, polo que a vitalidade actual é evidente e está suxeita á modificación (creación de novos / desaparición de tradicionais). Fernando Vázquez desenvolve o seu estudo na parroquia do Buriz (ao norte de Guitiriz) e analiza as orixes, os valores positivos ou negativos, o predominio dun sexo sobre o outro, a presenza do español... A nivel terminolóxico, parécenos moi interesante –e cremos que acertada– a apreciación que fai Vázquez ao preferir falar de oicónimos, en lugar de ecónimos, xa que estes

últimos tamén se refiren a nomes comerciais, co cal deixa entrever que a terminoloxía neste campo aínda está a ser desenvolvida.

Entre outros artigos, que por seren únicos no tema non se inclúen en grupos, destacamos o de Xosé Luís Regueira, que analiza os patróns fónicos (segundo a estrutura silábica, a selección de vogais etc.) dos nomes de persoa e aprecia as discrepancias entre a configuración fonolóxica dos nomes comúns e dos nomes propios. O italiano Enzo Caffarelli ofrece unha visión sobre a procedencia dos apelidos italianos e a motivación que os xera, en canto Servando Lois indica posibles erros de lectura nas inscricións para a antroponimia prerromana. Pola súa parte, Luís Villares fornece unha visión xurídico-legal sobre os nomes e os apelidos, tanto sobre a imposición como sobre os procedementos de cambio.

A epígrafe seguinte é a “Toponimia” (páxs. 375-527), que tamén constitúe unha das tipoloxías onomásticas máis estudadas. As comunicacións que se enmarcan dentro deste apartado coinciden na recollida, recuperación e normalización dos topónimos como patrimonio lingüístico e cultural que debemos valorar e gardar, xa que corre o risco de desaparecer. Ao igual que acontecía coa antroponimia, os traballos de toponimia están elaborados desde diferentes aspectos, desde a toponimia medieval á microtoponimia actual. Nesta sección Mónica Martínez Baleirón aproxímase aos microtopónimos da beira do mar no concello de Ribeira, realiza unha análise contrastiva para comparar estadios lingüísticos anteriores e critica a falta de rigor na etiquetaxe e na fisionomía da costa (como o nome das praias). Franco Maside aborda a toponimia viaria (a dos camiños) nos concellos de Ames e Val do Dubra e, no entanto, Vanesa Touriño indaga na aldea de Paineiros e céntrase nos orotopónimos e fitotopónimos, xunto cos relacionados cos labores do campo. Ruth Vázquez, pola súa banda, aproxímase no seu artigo á toponimia menor na parroquia de Atán (Pantón-Lugo), en que abundan os lugares referidos á vexetación e explotación agrícola, ao seren os elementos fundamentais que configuran a aldea.

Dos topónimos medievais ocúpase Luz Méndez, unha das organizadoras e coordinadoras do congreso, e X. Varela Sieiro. O estudo da toponimia medieval en Terra de Nóvoa permítelle a Méndez ofrecer parcialmente o posíbel mapa da parroquia hai 600 anos e traza un cadro evolutivo dos topónimos medievais, xunto coa etimoloxía, e ao carón o probábel topónimo actual, táboa que consideramos dun grande acerto. Varela presenta os elementos relativos á arquitectura civil na toponimia altomedieval galega e sinala a condición de elementos destacados da paisaxe, o que os levou a seren utilizados como referentes delimitativos e creadores de designacións toponímicas.

Sobre os topónimos galegos en *-ollo*, de posíbel orixe prerromana, encárgase Carlos Búa, que con este artigo demostra a dificultade de calquera proposta etimolóxica no ámbito da onomástica. Elixio Rivas fai un percorrido xeral polas características da

toponimia de Galiza. Por último, o parámetro fonolóxico volta a ser tratado, mais agora na toponimia e por Ramón Novo. Aquí o autor diserta sobre adaptación aos hábitos articulatorios fonéticos e tendencias de adaptación dos nomes foráneos, que aparecen acotío nos filmes.

Baixo o rótulo “Outros nomes” (páxs. 529-630), a organización e coordinación inclúe outro tipo de nomes propios que se refiren a realidades menores. As entidades que foron tratadas neste Congreso son os nomes dos barcos de pesca, a naonimia, os nomes das vacas e os das constelacións, temas innovadores dentro da onomástica galega. Isabel Acea atesta a substitución na elección dos naónimos rexistrados en Vigo desde 1876, xa que tradicionalmente eran nomes piadosos e postos por rutina, fronte á actualidade en que se poñen “por gusto”, pois cada vez cobra máis importancia o elemento persoal e afectivo, reflexión coa que tamén coincide Ferro Ruibal sobre a naonimia de Galiza. Canto aos artigos de Raquel Aira, Marta González e M.^a C. Pazos, estamos perante tres estudos que, segundo afirman varias voces, supoñen un verdadeiro suceso no panorama onomástico internacional: os nomes das vacas, touros e bois, os boónimos. Porén, a onomástica galega relacionada coa vaca está en auxe, xa que mesmo existe unha recente tese de doutoramento sobre o léxico deste animal. Os tres estudos investigan os distintos tipos de nomes propios con que é nomeado, debido á súa importancia en Galiza e de aí a necesidade de identificación, fenómeno semellante ao ocorrido coa onomástica persoal, principalmente en explotacións gandeiras máis pequenas, pois nas grandes están a ser substituídas por números. Cómpre sinalarmos, alén disto, a apreciación que fai Raquel Aira, xa que proporciona o dato de que a castelanzación dos vacónimos é dun 10,55%, unha cifra igual á dos antropónimos. O outro estudo que se insire neste apartado é o do nome galego estándar das constelacións; neste traballo de investigación, Cambados Márquez propón unha denominación en galego atinada para as constelacións e chama a atención de que, ao lado da Comisión de Toponimia, haxa unha de onomástica que vele pola saúde doutros nomes propios.

A pincelada literaria (“Onomástica literaria”, páxs. 631-695) vén da man de cinco mulleres. Marilar Aleixandre explica a súa concepción sobre a tradución de nomes propios estranxeiros como unha recreación expresiva e adaptación á realidade lingüística de cada país, que se enfronta coas directrices das editoras. No caso da tradución de Harry Potter, a editora eliminou a meirande parte das recreacións, polo que ela as presenta cunha grande inventiva e xenialidade. Do mesmo xeito, Lilita Balado propón unha versión en galego dos nomes propios da obra sueca *Os irmáns Corazón de León*, que responde a estratexias funcionais e de creatividade, xenialidade... María Xesús Nogueira mergúllanos na importancia da onomástica na obra narrativa de Cunqueiro; M.^a Carmen Paz e Patricia Buján mostran as interrelacións da toponimia e da antroponomía coa fraseoloxía galega.

O bloque “Miscelánea” (páxs. 697-811) inclúe artigos sobre onomástica asturiana e catalá fundamentalmente. Neste apartado temos a situación da onomástica a nivel

investigador e legal-administrativo da onomástica en Asturias, e tamén do uso social do exónimos e da normalización e oficialización en Cataluña. Para alén disto, neste capítulo parece que se insire –aínda que realmente forma unha sección propia– o Proxecto de Toponimia de Galiza, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galiza, que ten como obxecto a recollida de toda a toponimia galega, incluída a microtoponimia. O proxecto iniciouse no ano 2000 e os resultados das investigacións neste marco chegan até fins de 2003. Trátase, sen dúbida algunha, dun intento decisivo para a recuperación e conservación da toponimia en que todas as persoas debemos estar implicadas. Así pois, o proxecto é pormenorizado ao longo de varias páxinas, en que se desenvolven as actuacións investigadoras que se fixeron no territorio, en cinco puntos de Galiza, xunto coa inserción dos criterios da Comisión de Toponimia.

Cérrase o volume coa “Conferencia de Clausura” a cargo de Jürgen Untermann (páxs. 815-830), que trata sobre os “Gregos, romanos e “bárbaros” na toponimia paleohispánica”; esta reflexión aborda a problemática –con que aínda hoxe nos encontramos– da asimilación ou non adaptación dos nomes propios estranxeiros, e que foi un fenómeno común a gregos e romanos.

Como puidemos comprobar ao longo da nosa breve descrición analítica, nestas *Actas* recóllense os variados e diversos traballos dun grande número de investigadores novos e autoridades xa consagradas, fundamentalmente de procedencia galega, ao carón de especialistas foráneos. Os estudosos presentan os resultados das súas pesquisas nas diversas temáticas que abrangue a onomástica e contamos con aproximacións a eidos pouco investigados como a onomástica literaria, os nomes das vacas, dos barcos etc., investigacións que destacan polo traballo, rigor e innovación. Así pois, as comunicacións presentadas ao congreso mostran unha gran vitalidade nos estudos onomásticos galegos e o carácter interdisciplinario desta materia científica, que precisa dunha fixación terminolóxica e do compromiso de velar por un patrimonio lingüístico e cultural dun valor incalculábel e que pode chegar a desaparecer, unha tarefa que nos compete a todos e todas nós.

Xa para finalizarmos, só resta darnos os parabéns ao comité organizador, ao científico e aos coordinadores do volume, non só por levaren a bo porto esta iniciativa, mais tamén por dedicaren o seu tempo e esforzo ao estudo da onomástica, desa especie de medula que vai ligada á espiña da realidade; e convidamos desde este medio á lectura atenta dos diferentes artigos, alén de animarmos a futuros investigadores a profundaren nesta área.

Xoán López Viñas
Universidade da Coruña